



PRESENTACIÓN DO NOSO  
GRUPO E ESPECTÁCULOS



FAÍSCAS DA PONTRAGA

**FAÍSCAS DA PONTRAGA** fundouse en xullo do ano 2002, tras a xuntanza de catro amigos para participaren nun concurso de cuartetos tradicionais. Esta primeira reunión deveu noutras e permitiu a incorporación de novos integrantes e instrumentos até constituírmonos na murga tradicional que hoxe somos.



En Decembro do 2015 gravamos o noso primeiro traballo discográfico chamado **"VELAÍ VÉN!!"**, que saíu á luz en abril do 2016 e que presentamos oficialmente o 25 de xuño do mesmo ano.

Este disco gravouse co pretexto de seguir divulgando a cultura tradicional e sobre todo deixar constancia do noso traballo nun soporte que asegure a súa supervivencia co paso do tempo.





Este traballo levounos a participar nalgúns dos máis importantes festivais de música folk/tradicional de Galicia, entre os que destacamos:

- XXXIX Festival de Pardiñas (Guitiriz)
- XXIII Festival As Nosas Músicas de Couso (A Estrada)
- XXX Esmorga Folk (A Bandeira)
- XVII Festival Terra Brava (O Incio)
- XXVIII Romaría Galega da Chaira (Guitiriz)
- XIII Festa Celta (Riotorto).
- IV Feira dos Bicos (Monterroso)
- VI Pasabodeghas da Ulla (Vedra)
- X Festi Lires (Cee)
- IV Castelo Folk (Pontedeume)
- XX Romaría Galega da Pontraga (Tordoia)
- V Festival Folk Carne do Castelo (A Pobra do Caramiñal)
- XIX Festa Folk Na Fin do Camiño (Fisterra)
- XIX Festival Xironsa Corvillón (Cambados)
- Festa do Centenario Valle-Inclán na Curota (A Pobra do Caramiñal)
- IV Foliada da Torre (Culleredo)



### XXXIX Festival de Pardiñas





Noia (Galicia)



XXX Festival Esmorga Folk (A Bandeira)



XVII Festival Terra Brava (O Incio)



XXIII Festival As Nosas Músicas de Couso (A Estrada)







XIX Festa Folk Na Fin do Camiño (Fisterra)



X Festi Lires (Cee)





Ademais da presentación oficial na nosa terra e diante da nosa xente, co afán de darlle unha maior repercusión ao traballo realizado fixemos varias presentacións/concertos pola península (Euskadi, Burgos, Bierzo, Salamanca, Valladolid...), por Europa (Italia, Portugal, Suíza...) e en abril do 2017 cruzámolo Atlántico para facer unha xira polo **RÍO DA PRATA**, con varios concertos por Arxentina (Bos Aires e Mar del Plata) e Uruguai (Maldonado e Montevideo).

### En España:

- Plaza Mayor (Valladolid)
- XII Encontro de Gaitas e Percusión de Alcobendas (Madrid)
- Plaza Mayor (Salamanca)
- Festival Virgen de las Aguas de Tardajos (Burgos)
- 25º Edición Magosto Celta Balboa (León)
- Letras Galegas (Vitoria, Euskadi)
- XXXIV Día de Galicia en Euskadi (Sestao, Euskadi)
- 50º Aniversario do Centro Galego de Llodio (Llodio, Euskadi)
- Etc...

### Festival Virgen de las Aguas de Tardajos (Burgos)



25º Edición Magosto Celta Balboa (León)





Centro Gallego de Vitoria (Vitoria, Euskadi)



XXXIV Día de Galicia en Euskadi (Sestao, Euskadi)





### Internacionais:

- Borgo di Tragliata (Italia)
- Coreno Ausonio (Italia)
- Río da Prata tour:
  - Bos Aires (Arxentina).
  - Mar del Plata (Arxentina).
  - Montevideo (Uruguai).
  - Punta del Este (Uruguai).
- Xenebra (Suíza).
- Gòis (Portugal).
- Etc...




Bos Aires (Arxentina)



Mar del Plata (Arxentina)



Montevideo (Uruguai)







Coreno Ausonio (Italia)



Gòis (Portugal)



Xenebra (Suíza)





Tamén tivemos a oportunidade de participar na rodaxe da película *Trote*, de Xacio Baño, presentada no Festival de Cine de San Sebastián no 2018.



Ocasionalmente, intervimos en distintos programas de radio e televisión como no máis que recoñecido *Luar*, da TVG.





Aínda que somos un grupo que fai música de raíz principalmente instrumental e vocal, en ocasións incluimos unha pequena mostra de baile tradicional nos nosos concertos.

Ao longo destes 16 anos de camiño son máis de 600 actuacións as desenvolvidas tanto en terras galegas como estranxeiras.

